

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE EMPREGO E SEGURIDADE SOCIAL

8339 *Real decreto 708/2015, do 24 de xullo, polo que se modifican diversos regulamentos xerais no ámbito da Seguridade Social para a aplicación e o desenvolvemento da Lei 34/2014, do 26 de decembro, de medidas en materia de liquidación e ingreso de cotas da Seguridade Social, e doutras disposicións legais.*

A disposición derradeira primeira da Lei 34/2014, do 26 de decembro, de medidas en materia de liquidación e ingreso de cotas da Seguridade Social, encomendou ao Goberno proceder ao desenvolvemento regulamentario do novo sistema de liquidación directa de cotas da Seguridade Social e por conceptos de recadación conxunta, cuxa regulación legal se contén basicamente no texto refundido da Lei xeral de seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, logo das reformas introducidas nel pola lei antes citada.

En cumprimento do dito mandato legal, mediante este real decreto realízanse as adaptacións que o referido desenvolvemento regulamentario exige na regulación contida nos regulamentos xerais sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores na Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 84/1996, do 26 de xaneiro; sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 2064/1995, do 22 de decembro, e de recadación da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1415/2004, do 11 de xuño, que constitúen o conxunto normativo unitario sobre as materias por eles reguladas, nas cales incide o novo modelo de liquidación de cotas.

As modificacións efectuadas para tal efecto están dirixidas á consecución dunha maior simplificación e uniformidade na xestión dos actos de encadramento de empresas e traballadores nos distintos réximes da Seguridade Social a que se refiren os artigos 11.1, 17, 18.1, 28.1, 30.2, 32.3, 35.1, 37, 43.1 e 48.2 do Regulamento xeral sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores na Seguridade Social, e a dar unha nova regulación aos distintos trámites relativos á liquidación de cotas e á súa impugnación que se recollen nos artigos 9, 15 ao 19, 29, 31, 32.5, 33.5, 45.1, 55, 65.4, 77.2 e 91 e na disposición adicional segunda do Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social, así como a diferentes aspectos da súa xestión recadatoria, contidos nos artigos 1.1, 6.1, 10, 13, 25, 36.1, 54.4, 56.3, 58 ao 60, 62, 65 e 85.1 do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, coa finalidade de que as previsións dos citados preceptos destes dous últimos regulamentos, actualmente limitadas ao sistema de autoliquidación de cotas e, en determinados aspectos puntuais, ao de liquidación simplificada destas, se estendan, dun xeito claro e uniforme, aos tres modelos de liquidación de cotas que van coexistir como consecuencia das medidas adoptadas mediante a Lei 34/2014, do 26 de decembro.

Mediante as modificacións efectuadas nos artigos 11.1, 17.1 e 30.2 do Regulamento xeral sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores na Seguridade Social, dirixidas a establecer a obrigatoriedade de comunicación do código de convenio colectivo aplicable ás empresas e aos seus traballadores, ademais de facilitar a aplicación do novo sistema de liquidación directa de cotas, dáse tamén cumprimento ao mandato legal establecido para tal efecto na alínea 1.d) da disposición adicional segunda do Real decreto lei 7/2011, do 10 de xuño, de medidas urxentes para a reforma da negociación colectiva.

Ademais das reformas introducidas nos referidos regulamentos xerais para a súa adecuación ao sistema de liquidación directa de cotas, que supoñen a parte principal deste real decreto, tamén resulta oportuno, en aplicación do principio de xerarquía normativa,

modificar outros dos seus preceptos que se viron afectados por diversas medidas legais adoptadas con posterioridade á súa aprobación.

Isto ocorre co artigo 20.2 do Regulamento xeral sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores na Seguridade Social e cos artigos 9.4 e 117.1 do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, cuxa regulación se adapta en función da nova redacción dada pola repetida Lei 34/2014, do 26 de decembro, na súa disposición derradeira terceira, á disposición adicional quincuaxésima.4 do texto refundido da Lei xeral de seguridade social, como consecuencia da implantación do taboleiro de edictos único a través do «Boletín Oficial del Estado», a partir do 1 de xuño de 2015.

Pola súa banda, o prazo para a conservación dos documentos relativos á inscrición, á afiliación e ás altas, baixas e variacións de datos establecido nos artigos 35.4 e 52.1 do Regulamento xeral sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores na Seguridade Social establécese en catro anos e equipárase así expresamente ao fixado como límite para cumprir tal obriga para os efectos de considerar producida a infracción leve sobre a mesma materia tipificada polo artigo 21.1 do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto. O mesmo ocorre coas referencias ao prazo para a devolución das cotas indebidamente ingresadas en caso de afiliacións indebidas e ao de reclamación das cotas en caso de baixas indebidas, efectuadas respectivamente nos artigos 59.2 e 61.1.3.º do mesmo regulamento, que se acomodan así expresamente aos prazos de prescrición do dereito a esa devolución e para exixir o ingreso das cotas, fixados tamén en catro anos polos artigos 23 e 21 do texto refundido da Lei xeral de seguridade social.

Pola súa vez, a regulación do artigo 48.1 do Regulamento xeral sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores na Seguridade Social; do 55.3 do Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social, relativos ás peculiaridades que en ambas as materias presenta o réxime especial dos traballadores do mar, e da disposición adicional segunda do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, sobre colaboración do Instituto Social da Mariña na xestión recadatoria, axústase en función da reforma introducida pola Lei 2/2012, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2012, ao artigo 9 do texto refundido das leis 116/1969, do 30 de decembro, e 24/1972, do 21 de xuño, polo que se regula o citado réxime especial da Seguridade Social, aprobado polo Decreto 2864/1974, do 30 de agosto, conforme a cal o requisito de estar ao día no pagamento da cotización xa non resulta exixible para autorizar o despacho de buques.

Así mesmo, por razóns de conveniencia para a xestión, procédese a modificar o artigo 52.3 do Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social, referente á aplicación de coeficientes correctores na cotización ao réxime especial dos traballadores do mar; os números 2 e 3 do artigo 9 do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, regulador das notificacións en materia de xestión recadatoria, e os artigos 87.4 e 122.6 do mesmo regulamento, relativos á restitución de sobrantes derivados das actuacións da execución forzosa en vía de constrinximento.

Finalmente, refórmase o artigo 7 do Regulamento xeral da xestión financeira da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1391/1995, do 4 de agosto, en que se regulan os movementos financeiros dos fondos do sistema da Seguridade Social, co obxecto de concretar as competencias da Tesouraría Xeral da Seguridade Social para realizar operacións de tesouraría e de posibilitar alternativas de xestión ao actual depósito deses fondos no Banco de España.

No seu proceso de tramitación, este real decreto foi sometido ao trámite de audiencia dos axentes sociais.

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 5 e na disposición derradeira sétima do texto refundido da Lei xeral de seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, así como da habilitación específica establecida na disposición derradeira primeira da Lei 34/2014, do 26 de decembro.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Emprego e Seguridade Social, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 24 de xullo de 2015,

DISPOÑO:

Artigo primeiro. *Modificación do Regulamento xeral sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores na Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 84/1996, do 26 de xaneiro.*

O Regulamento xeral sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores na Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 84/1996, do 26 de xaneiro, modifícase nos seguintes termos:

Un. O número 1 do artigo 11 queda redactado da seguinte maneira:

«1. A solicitude de inscrición do empresario deberá conter:

1.º O nome e apelidos do interesado e, de ser o caso, da persoa que o represente, así como a identificación do medio preferente e do lugar que se sinale para efectos de notificacións.

2.º Os datos relativos á denominación, domicilio e actividade económica principal da empresa así como, se é o caso, a outras actividades concorrentes con ela que impliquen a produción de bens e servizos que non se integren no proceso produtivo da principal, e se precisa ou non que se lle asignen diversos códigos de conta de cotización. Tamén indicará o código ou os códigos de convenio colectivo aplicables, de ser o caso, na empresa e cantos outros datos resulten necesarios para a xestión do sistema da Seguridade Social.

3.º O lugar e a data da solicitude de inscrición.

4.º A sinatura do solicitante ou a acreditación da autenticidade da súa vontade expresada por calquera medio.

5.º O órgano, centro ou unidade administrativa a que se dirixe».

Dous. O artigo 17 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 17. *Comunicación de variacións de datos.*

1. A comunicación de variacións nos datos consignados ao formular a solicitude de inscrición ou nas comunicacións a que se refire o artigo 5.3 deste regulamento será obrigatoria para os empresarios nos seguintes casos:

1.º Cambio de nome da persoa física ou de denominación da persoa xurídica inscritas con anterioridade.

2.º Cambio do domicilio legal do empresario.

3.º Cambio da entidade que cubra as continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais e, de ser o caso, a prestación económica por incapacidade temporal derivada de continxencias comúns.

4.º Nos supostos en que os empresarios contratistas e subcontratistas teñan o deber de informar a Tesouraría Xeral da Seguridade Social conforme o establecido no artigo 42 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, e nas normas que o desenvolven.

5.º Cambio de convenio ou convenios colectivos aplicables na empresa.

6.º Cambio de actividade económica e, en xeral, calquera outra variación que afecte os datos declarados con anterioridade respecto á inscrición da empresa e á apertura de contas de cotización.

2. A comunicación de variacións irá dirixida á dirección provincial da Tesouraría Xeral da Seguridade Social ou administración da Seguridade Social na provincia en que se formulou a inscrición, pódese presentar nos rexistros e lugares sinalados no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, e na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e efectuarase no modelo oficial, dentro do prazo de tres días naturais, contados a partir da data en que se produzan, salvo no caso a que se refire o punto 1.3.º anterior, en que o documento ou declaración acreditativo da nova opción e a comunicación do cesamento da anterior se presentarán cunha antelación de dez días naturais á súa efectividade e indicarse a nova entidade pola que se optase para a protección das contingencias profesionais e, se é o caso, da prestación económica por incapacidade temporal derivada de contingencias comúns, dentro dos límites establecidos no artigo 14.4 deste regulamento e de acordo co disposto ao respecto na normativa reguladora das mutuas colaboradoras coa Seguridade Social».

Tres. O número 1 do artigo 18 queda redactado do seguinte xeito:

«1. Os empresarios comunicaranlle a extinción da empresa ou o cesamento temporal ou definitivo da súa actividade á dirección provincial da Tesouraría Xeral da Seguridade Social ou administración da Seguridade Social na provincia en que se efectuou a súa inscrición, en modelo oficial e dentro dos tres días naturais seguintes a aquel en que unha ou outro se produzan. Estas comunicacións poderanse presentar nos rexistros e lugares que se determinan no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, e na Lei 11/2007, do 22 de xuño, para efectos do previsto no artigo 12.1.1.º deste regulamento.

As comunicacións de extinción ou cesamento do empresario deberán ir xunto coas solicitudes de baixa dos traballadores ao seu servizo, de ser o caso, e darán lugar á correspondente toma de razón, no Rexistro de Empresarios, da extinción ou do cesamento na inscrición daquel».

Catro. O número 2 do artigo 20 queda redactado da seguinte maneira:

«2. Nos supostos de extinción da empresa ou de cesamento definitivo na súa actividade sen seren comunicados polos obrigados á dirección provincial da Tesouraría Xeral da Seguridade Social ou administración da Seguridade Social e sen cursar a baixa dos traballadores en alta, a dirección provincial ou administración deberá proceder de oficio a tomar razón no Rexistro de Empresarios da extinción da empresa, do cesamento na actividade e da baixa dos traballadores, logo de comunicación individual aos interesados ou, de descoñecerse o seu domicilio ou non poderse efectuar esa comunicación, logo de notificación mediante anuncio publicado no «Boletín Oficial del Estado», na forma e cos requisitos establecidos con carácter xeral nos artigos 58 a 61 da Lei 30/1992, do 26 de novembro».

Cinco. O número 1 do artigo 28 queda redactado da seguinte forma:

«1. Los datos facilitados ao efectuarse a afiliación que, por calquera circunstancia, experimenten variación seranlle comunicados polo empresario e, se é o caso, polo traballador interesado a calquera dirección provincial da Tesouraría Xeral da Seguridade Social ou administración da Seguridade Social, dentro dos tres días naturais seguintes a aquel en que a variación se produza e mediante os modelos oficiais ou polo sistema establecido para o efecto.

Se as comunicacións de variación de datos se presentan nos demais rexistros e lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, e na Lei 11/2007, do 22 de xuño, observarase o disposto no punto 1.1.º do artigo anterior».

Seis. O número 2 do artigo 30 queda redactado do seguinte xeito:

«2. A solicitude de alta conterá os datos relativos ao exercicio da actividade que faciliten unha información completa ás entidades xestoras e á Tesouraría Xeral da Seguridade Social e, en especial, os seguintes:

1.º No documento para a alta dos traballadores por conta allea figurarán, respecto do empresario, o seu nome ou razón social, código de conta de cotización e réxime da Seguridade Social aplicable e, respecto do traballador, o seu nome e apelidos, o seu número da Seguridade Social e, mentres este non for exixible, o seu número de afiliación á Seguridade Social, así como o do documento nacional de identidade ou equivalente, domicilio, data de iniciación da actividade, grupo de cotización, condicións especiais desta e, para efectos da correspondente a accidentes de traballo e enfermidades profesionais, a actividade económica ou ocupación desempeñada, consonte a tarifa de primas vixente.

No documento para a alta tamén figurarán o código ou os códigos de convenio colectivo que, de ser o caso, resulten aplicables ao traballador por conta allea, que deberán coincidir co correspondente ao código de conta de cotización en que se vaia producir a alta ou, de declararse de aplicación na empresa máis dun convenio, con aquel ou aqueles que lle correspondan de entre os que figuren vinculados a esa conta de cotización.

2.º O documento para a alta dos traballadores por conta propia, ademais dos datos indicados no parágrafo primeiro do ordinal anterior relativos aos traballadores por conta allea, conterá os referidos á súa actividade económica ou ocupación, a sede desta, se for distinta ao domicilio do titular, réxime da Seguridade Social en que se solicita a inclusión e, se é o caso, os relativos ás peculiaridades en materia de cotización e acción protectora».

Sete. O número 3 do artigo 32 queda redactado da seguinte maneira:

«3. As solicitudes de alta, baixa e variacións de datos dos traballadores deberanse formular nos prazos seguintes:

1.º As solicitudes de alta deberanas presentar os suxeitos obrigados con carácter previo ao comezo da prestación de servizos polo traballador, sen que en ningún caso poidan ser presentadas antes dos 60 días naturais anteriores ao previsto para o inicio daquela.

O disposto no parágrafo anterior enténdese sen prexuízo do especialmente previsto nos artigos 43 e seguintes deste regulamento.

En todo caso, cando o empresario non cumprir a súa obriga de solicitar a alta dos seus traballadores ou asimilados dentro de prazo, estes, sen prexuízo das responsabilidades en que aquel poida incurrir, poderán solicitala directamente en calquera momento posterior á constatación do dito incumprimento. Nestes supostos, a dirección provincial da Tesouraría Xeral da Seguridade Social ou a administración da Seguridade Social dará conta de tales solicitudes á Inspección de Traballo e Seguridade Social, co obxecto das comprobacións e efectos que procedan.

2.º As solicitudes de baixa e de variacións de datos dos traballadores deberanse presentar dentro do prazo dos tres días naturais seguintes ao do cesamento no traballo ou a aquel en que a variación se produza.

3.º Excepcionalmente, o director xeral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social poderalles autorizar a presentación das solicitudes de alta, baixa e variación de datos dos traballadores noutros prazos distintos aos establecidos con carácter xeral nos parágrafos 1.º e 2.º a aqueles empresarios que xustifiquen debidamente a súa dificultade para cumprilos.

As autorizacións concedidas poderán ser revogadas de pórse de manifesto que con elas se orixinan prexuízos aos traballadores respecto do seu dereito ás prestacións ou se dificulta o cumprimento das obrigacións dos responsables do pagamento en materia de seguridade social ou a xestión e o control do proceso recadatorio da Tesouraría Xeral da Seguridade Social».

Oito. O ordinal 1.º do número 1 e o número 4 do artigo 35 quedan redactados da seguinte forma:

«1.º En todos os casos, as altas cuxas solicitudes fosen presentadas con carácter previo á prestación de servizos unicamente producirán efectos, respecto dos dereitos e obrigacións inherentes á dita situación de alta, a partir do día en que se inicie a actividade.

As altas, cuxas solicitudes fosen presentadas con anterioridade á iniciación da prestación de servizos nos termos regulados no artigo 32.3.1.º deste regulamento, non producirán efectos cando o que as formulase comunique a non iniciación da prestación de servizos dos traballadores a que estas mesmas se refiran con anterioridade ao día indicado para esa iniciación, polos medios ou procedementos utilizados para solicitar esas altas previas.

As altas solicitadas polo empresario ou, de ser o caso, polo traballador fóra dos termos establecidos só terán efectos desde o día en que se formule a solicitude, salvo que, de aplicarse o sistema de autoliquidación de cotas previsto no artigo 19.1 do texto refundido da Lei xeral de seguridade social, se producise o seu ingreso dentro de prazo regulamentario; neste caso, a alta retrotraerá os seus efectos á data en que se ingresasen as primeiras cotas correspondentes ao traballador de que se trate.

As solicitudes defectuosas xerarán efectos, conforme os parágrafos anteriores, cando se emenden no prazo de dez días os datos ou documentos omitidos e requiridos».

«4. Unha vez recoñecido o dereito á alta pola dirección provincial da Tesouraría Xeral da Seguridade Social ou pola administración da Seguridade Social competente, esta expedirá o correspondente xustificante, que deberá ser conservado polo empresario mentres o traballador non cause baixa e, en todo caso, durante catro anos, ou polo traballador autónomo, con obriga de conservar ese xustificante tamén durante igual período.

Así mesmo, unha vez declarada a baixa, o documento que a acredite deberase conservar durante o mesmo período de catro anos.

As obrigas de conservación dos xustificantes a que se refiren os parágrafos anteriores consideraranse cumpridas coa simple impresión, autorizada pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social, dos partes de alta e baixa cuxos datos fosen transmitidos ao ficheiro xeral de afiliación por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, no momento en que lle sexan requiridos polos interesados ou por unha autoridade xudicial o administrativa».

Nove. O artigo 37 queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 37. *Efectos das variacións de datos dos traballadores.*

1. As variacións que se poidan producir nos datos dos traballadores en alta causarán efectos a partir do momento en que aquelas se produzan sempre que sexan comunicadas en tempo e forma á dirección provincial da Tesouraría Xeral da Seguridade Social o á administración da Seguridade Social, conforme o disposto no artigo 28 deste regulamento.

Noutro caso, xerarán efectos a partir do día en que se comuniquen, salvo cando a variación producida nunha data anterior teña repercusión na cotización, neste caso retrotraerá os seus efectos ao día en que tivese lugar e procederá tanto a reclamación das cotas que resulten exhibibles como o dereito á devolución daquelas que fosen ingresadas indebidamente, conforme a normativa que resulte aplicable en cada caso, sempre que unhas e outras non sexan anteriores aos últimos catro anos.

2. Os suxeitos obrigados a comunicar estas variacións incorrerán nas sancións e nas responsabilidades que da súa falta deriven con anterioridade á data en que a comunicación se produza».

Dez. A norma 1.^a do número 1 do artigo 43 queda redactada da seguinte maneira:

«1.^a Respecto aos profesionais taurinos, a súa inclusión no censo de activos conforme o previsto polo artigo 13.2 do Real decreto 2621/1986, do 24 de decembro, e as súas normas de desenvolvemento, determinará a súa consideración en situación de alta, para todos os efectos, durante cada ano natural.

A exclusión dese censo suporá, pola súa parte, a baixa automática do profesional taurino no réxime xeral da Seguridade Social, nos termos e cos efectos establecidos nas citadas normas».

Once. Os números 1 e 2 do artigo 48 quedan redactados da seguinte forma:

«1. No réxime especial dos traballadores do mar, cada embarcación terá a consideración dun centro de traballo, ao cal se asignará un código de conta de cotización propio do cal se tomará razón no Rexistro de Empresarios e que será anotado, así mesmo, no rol ou licenza da embarcación.

A xustificación de ter sido inscrita a empresa e identificada a embarcación no rexistro constituirá un requisito necesario para que a autoridade marítima competente autorice o seu despacho para saír ao mar.

2. A afiliación e as altas, baixas e variacións de datos de traballadores neste réxime especial axustaranse ao establecido con carácter xeral neste regulamento respecto aos prazos e ás condicións para a súa formalización».

Doce. O número 1 do artigo 52 queda redactado do seguinte xeito:

«1. Os empresarios e, se é o caso, os traballadores por conta propia están obrigados a conservar, por un período mínimo de catro anos, os documentos xustificativos da inscrición do empresario, da formalización da cobertura e das tarifas das continxencias profesionais e da cobertura da prestación económica por incapacidade temporal, así como da afiliación, altas, baixas e variacións de datos dos traballadores, nos termos regulados no título anterior».

Trece. O número 2 do artigo 59 queda redactado do seguinte xeito:

«2. De se efectuaren cotizacións respecto de persoas excluídas do ámbito de aplicación do sistema da Seguridade Social, estas non producirán ningún efecto e os suxeitos respecto dos cales se ingresasen as ditas cotas indebidas, causasen ou non prestacións e salvo que fosen ingresadas maliciosamente, terán dereito á súa devolución, logo de dedución, en todo caso, do importe das prestacións que resultasen indebidamente percibidas, sempre que unhas e outras non sexan anteriores aos últimos catro anos».

Catorce. O ordinal 3.^o do número 1 do artigo 61 queda redactado da seguinte forma:

«3.^o Calquera que for a causa pola que se declare indebida a baixa, no caso de que continúe a prestación de servizos, ou o exercicio da actividade ou a situación conexas con ela, non quedará interrompida a obriga de cotizar durante a baixa indebidamente causada e reclamaranse, así mesmo, as cotas pertinentes sempre que non sexan anteriores aos últimos catro anos».

Artigo segundo. *Modificación do Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 2064/1995, do 22 de decembro.*

O Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 2064/1995, do 22 de decembro, modifícase nos seguintes termos:

Un. Engádesse un número 5 ao artigo 9, coa seguinte redacción:

«5. Os rateos indicados nos números 1 e 2 para os supostos de pluriemprego levaranse a cabo por solicitude das empresas ou dos traballadores afectados e producirán efectos a partir da liquidación de cotas que corresponda ao mes en que se acredite a existencia da situación de pluriemprego, salvo que se trate de períodos en que prescribise a obriga de cotizar».

Dous. O artigo 15 queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 15. *Liquidación das cotas como contido da obriga de cotizar.*

1. A obriga de cotizar aos réximes do sistema da Seguridade Social implica a realización das operacións, comunicacións e demais actos necesarios para a determinación das cotas da Seguridade Social e polos conceptos de recadación conxunta con elas, así como, de ser o caso, das recargas e xuros sobre tales cotas, mediante a aplicación do tipo ou tipos de cotización correspondentes á base ou bases de cotización dos suxeitos polos que existe obriga de cotizar durante o período ou períodos que se van liquidar, deducindo, de ser o caso, o importe das deducións procedentes, nos termos e condicións establecidos para efectos do cumprimento desa obriga.

2. A determinación das cotas da Seguridade Social e polos conceptos de recadación conxunta deberase efectuar mediante algún dos seguintes sistemas de liquidación, establecidos no artigo 19.1 do texto refundido da Lei xeral de seguridade social:

a) No sistema de autoliquidación de cotas, a súa determinación ou cálculo corresponderá aos suxeitos responsables do cumprimento da obriga de cotizar, salvo que a súa contía sexa determinada polas normas reguladoras da cotización á Seguridade Social en cada exercicio económico.

Os ditos suxeitos responsables deberán transmitir as liquidacións de cotas á Tesouraría Xeral da Seguridade Social a través de medios electrónicos, salvo nos casos en que proceda a presentación dos documentos de cotización correspondentes a cada período que se vaia liquidar.

b) No sistema de liquidación directa de cotas, a súa determinación ou cálculo corresponderá á Tesouraría Xeral da Seguridade Social e o suxeito responsable do cumprimento da obriga de cotizar deberá solicitar o cálculo da liquidación por cada traballador e achegar os datos que resulten necesarios para efectuar a liquidación, en ambos os casos por medios electrónicos.

c) No sistema de liquidación simplificada de cotas, a súa determinación será efectuada pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social sempre que a alta dos suxeitos obrigados a que se refiran esas cotas, nos supostos en que proceda, se solicítase no prazo regulamentariamente establecido, sen resultar exixible o cumprimento das obrigas sinaladas nos parágrafos anteriores.

De se solicitar a alta fóra do prazo regulamentario, mediante este sistema liquidaranse as cotas correspondentes aos períodos posteriores á presentación da solicitude e non resultará exixible o cumprimento das obrigas establecidas nos parágrafos anteriores respecto a tales cotas.

3. O disposto no número anterior enténdese sen prexuízo das funcións de comprobación e control que, respecto das liquidacións de cotas efectuadas mediante calquera dos sistemas indicados, corresponden á Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a outros órganos administrativos, nos termos establecidos neste regulamento, no Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social e nas demais disposicións complementarias, así como á Inspección de Traballo e Seguridade Social, en exercicio das competencias que ten atribuídas legalmente».

Tres. O artigo 16 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 16. *Período de liquidación.*

1. O período de liquidación das cotas da Seguridade Social e polos conceptos de recadación conxunta con elas é o prazo a que están referidas as operacións, comunicacións e demais actuacións necesarias para a determinación daquelas, para efectos do seu pagamento.

2. Salvo que se establezan ou se autoricen expresamente liquidacións por períodos superiores ou inferiores, nos termos e condicións que determine o Ministerio de Emprego e Seguridade Social, os períodos de liquidación de cotas estarán referidos a mensualidades naturais completas, aínda que a devindicación daquelas e/ou o seu pagamento se efectúe por períodos distintos a meses, caso en se aplicarán as seguintes regras:

a) As liquidacións de cotas que deben recaer sobre bases constituídas por retribucións devindicadas por horas, días ou semanas serán referidas ás do mes natural a que corresponda a súa devindicación, con independencia de que o pagamento desas liquidacións se deba efectuar dentro do mesmo prazo ou noutro distinto establecido para o efecto.

b) As liquidacións de cotas referidas a conceptos retributivos incluídos na base de cotización pero que se devindiquen por períodos superiores ao mensual ou que non teñan carácter periódico e que se satisfagan dentro do correspondente exercicio económico ratearanse nas liquidacións mensuais dese exercicio, nos termos que estableza o Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

c) As partes proporcionais de conceptos retributivos incluídos na base de cotización relativas a meses que xa fosen obxecto de liquidación e, de ser o caso, de pagamento, así como os incrementos das bases, dos tipos ou das propias cotas que deban ter efectos retroactivos, serán obxecto de liquidacións complementarias e relacionaranse ou declarararanse separadamente as bases de cotización para cada mes conforme os topes, as bases e os tipos e demais condicións vixentes nos meses a que correspondan os salarios.

De igual xeito se liquidarán, se é o caso, aquelas gratificacións que non puidesen ser obxecto de cuantificación anticipada, total ou parcialmente, para efectos do rateo a que se refire a alínea b)».

Catro. O artigo 17 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 17. *Deducións.*

1. As liquidacións das cotas íntegras, resultantes de aplicar ás bases de cotización na súa totalidade o tipo que corresponda ou, de ser o caso, as liquidacións das cotas fixas, unicamente poderán ser obxecto de dedución mediante corrección da base, minoración do tipo, redución ou bonificación das cotas, polas causas e nos termos e nas condicións expresamente establecidos, sen prexuízo da aplicación da compensación e demais causas de extinción das débedas coa Seguridade Social cando resulten procedentes, de acordo co previsto nos artigos 51 e 60 do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social.

Para efectos do indicado no parágrafo anterior, a adquisición, o mantemento e a perda das reducións, bonificacións e demais beneficios nas bases, nos tipos e nas cotas da Seguridade Social e polos conceptos de recadación conxunta axustaranse ao disposto na lei e, en particular, nos artigos 77 da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, e 29 da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

2. No sistema de autoliquidación de cotas, a aplicación das correccións de bases, minoracións de tipos, reducións e bonificacións deberaa efectuar o suxeito responsable do cumprimento da obriga de cotizar nas liquidacións de cotas transmitidas dentro do prazo legalmente establecido ou, cando proceda, nos documentos de cotización presentados no dito prazo, e deberá ingresar unicamente

a cota líquida resultante, salvo que a norma que as estableza dispoña outra cousa e sen prexuízo de que os seus beneficiarios poidan solicitar posteriormente o resarcimento do importe da corrección, minoración, redución ou bonificación da entidade ou organismo que deba asumir o seu custo.

3. Nos sistemas de liquidación directa e de liquidación simplificada de cotas, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social aplicará as correccións de bases, minoracións de tipos, reducións e bonificacións que correspondan aos traballadores polos que se practique a liquidación dentro de prazo, para o ingreso das cotas resultantes por parte dos suxeitos responsables e sen prexuízo da posibilidade de solicitar con posterioridade o resarcimento indicado no número anterior.

4. A Tesouraría Xeral da Seguridade Social poderá comprobar a aplicación correcta das deducións a que se refire este artigo, con independencia do sistema de liquidación utilizado. As deducións aplicadas sen causa e/ou sen a forma debida darán lugar ás liquidacións e reclamacións administrativas que procedan, sen prexuízo das sancións que resulten pertinentes.

O disposto no parágrafo anterior entenderase sen prexuízo das facultades de comprobación que corresponden á Inspección de Traballo e Seguridade Social en exercicio das funcións que ten atribuídas legalmente».

Cinco. O artigo 18 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 18. *Forma e prazos das liquidacións de cotas.*

1. No sistema de autoliquidación, as liquidacións das cotas da Seguridade Social, tanto por contingencias comúns como profesionais, que fosen devindicadas durante o período a que se refire a liquidación con aplicación, de ser o caso, das deducións, compensacións e recargas que procedan, efectuadas polos suxeitos responsables do seu ingreso, deben conter os datos que resulten necesarios para o desenvolvemento das funcións de comprobación e, de ser o caso, liquidación, así como das demais funcións de xestión recadatoria e da acción protectora atribuídas ás entidades xestoras e á Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

Estas liquidacións serán obxecto de transmisión electrónica á Tesouraría Xeral da Seguridade Social ou, de ser o caso, de presentación mediante os respectivos documentos de cotización, ata o último día natural do respectivo prazo regulamentario de ingreso, conforme o previsto nos artigos 55 e 56 do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, con independencia de que as cotas e as recargas que poidan resultar aplicables se ingresen ou non dentro do dito prazo.

2. No sistema de liquidación directa, as liquidacións de cotas efectuaranse na forma e dentro dos prazos seguintes:

a) Os suxeitos responsables do cumprimento da obriga de cotizar deberán solicitar á Tesouraría Xeral da Seguridade Social a práctica da liquidación das cotas da Seguridade Social e achegar os datos que permitan efectuar o seu cálculo ata o penúltimo día natural do prazo regulamentario de ingreso.

b) O cálculo da liquidación efectuarase en función dos datos de que dispoña a Tesouraría Xeral da Seguridade Social sobre os suxeitos obrigados a cotizar, constituídos tanto polos que xa fosen facilitados polos suxeitos responsables en cumprimento das obrigas establecidas en materia de inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores, e por aqueles outros que consten no seu poder e afecten a cotización, como polos que deban achegar, se é o caso, os citados suxeitos responsables en cada período de liquidación. Respecto destes últimos datos, o suxeito responsable poderalle solicitar á Tesouraría Xeral da Seguridade Social a utilización daqueles que xa comunicase anteriormente, para efectos do cálculo das liquidacións correspondentes a períodos posteriores.

c) A Tesouraría Xeral aplicará as deducións a que se refire o artigo anterior que procedan así como, de ser o caso, a compensación do importe das prestacións aboadas en réxime de pagamento delegado co das cotas debidas correspondentes

ao mesmo período de liquidación, en función dos datos recibidos das entidades xestoras e colaboradoras da Seguridade Social, conforme o previsto no artigo 26.5 do texto refundido da Lei xeral de seguridade social.

d) Se a liquidación se puiden efectuar cos datos indicados, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social procederá ao seu cálculo e emitirá o documento electrónico de pagamento e a relación nominal de traballadores dentro do prazo regulamentario de ingreso.

e) Se a liquidación non se puiden realizar porque os datos fosen insuficientes ou non resultasen conformes coa normativa sobre cotización e recadación da Seguridade Social, a Tesouraría Xeral, nun prazo máximo de 48 horas contadas desde a chegada daqueles, informará o suxeito responsable sobre a causa que impide o seu cálculo e este deberá solucionar a e, se é o caso, comunicar novamente os datos que permitan efectuar a liquidación, ata o penúltimo día natural do prazo regulamentario de ingreso, para o seu pagamento dentro do dito prazo.

De non se solucionar a causa que impide a liquidación, o citado servizo común da Seguridade Social procederá a reclamar o importe das cotas debidas conforme os artigos 30 e 32 do texto refundido da Lei xeral de seguridade social.

Sen prexuízo do indicado no parágrafo anterior, o suxeito responsable do ingreso poderalle solicitar á Tesouraría Xeral da Seguridade Social a práctica da liquidación das cotas correspondentes a aqueles traballadores cuxos datos permitan o seu cálculo. Neste caso, emitírase o documento electrónico de pagamento da cotización correspondente a tales traballadores e a relación nominal referida a eles.

f) Se o suxeito responsable do ingreso das cotas solicitar a rectificación ou anulación da liquidación efectuada antes do penúltimo día natural do prazo regulamentario de ingreso, as súas obrigas neste sistema de liquidación consideraranse cumpridas de concorrer algunha das seguintes circunstancias:

1.^a Cando resulte posible efectuar unha nova liquidación de cotas dentro do prazo regulamentario de ingreso tras solicitar a súa práctica e comunicar os datos necesarios para iso.

2.^a Cando non resulte posible efectuar unha nova liquidación de cotas dentro dese prazo por causas imputables exclusivamente á Administración.

3.^a Cando, dentro do prazo regulamentario de ingreso, o suxeito responsable deste solicite a rectificación de erros materiais, aritméticos ou de cálculo na liquidación efectuada que sexan imputables exclusivamente á Administración e a nova liquidación na cal se corrixan tales erros se efectúe fóra de prazo.

3. No sistema de liquidación simplificada, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social efectuará a liquidación das cotas da Seguridade Social correspondentes a cada período sen necesidade de solicitude previa por parte do suxeito responsable e consideraranse comunicada ou presentada dentro de prazo conforme o previsto no artigo 26.4 do texto refundido da Lei xeral de seguridade social, para o seu ingreso por parte daquel.

4. Mentres se recaden conxuntamente coas cotas da Seguridade Social, as correspondentes á continxencia de desemprego, así como para o Fondo de Garantía Salarial e por formación profesional, liquidaranse e comunicaranse na mesma forma e no prazo que aquelas».

Seis. O artigo 19 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 19. *Control das liquidacións.*

1. A Tesouraría Xeral da Seguridade Social, de conformidade co artigo 32 bis do texto refundido da Lei xeral de seguridade social, poderá comprobar a exactitude e veracidade das operacións efectuadas e dos datos utilizados e/ou presentados para a liquidación das cotas, calquera que for o sistema polo que se procedese ao seu cálculo ou determinación, así como solicitar, coa excepción prevista no artigo

35.f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, os informes e a documentación necesaria para a xustificación de tales datos e operacións.

As entidades xestoras e colaboradoras da Seguridade Social tamén poderán exercer funcións de control das liquidacións, dentro das súas respectivas competencias.

O disposto nos parágrafos anteriores entenderase sen prexuízo das facultades de comprobación que corresponden á Inspección de Traballo e Seguridade Social en exercicio das funcións que ten atribuídas legalmente.

2. Cando nas liquidacións de cotas da Seguridade Social e polos conceptos de recadación conxunta se aplicase a compensación de prestacións aboadas en réxime de pagamento delegado ou as deducións a que se refire o artigo 17 deste regulamento, aínda que sexan de concesión automática por imperio da lei, as entidades xestoras e colaboradoras comprobarán a procedencia e exactitude das compensacións e deducións que resulten a cargo do seu respectivo orzamento.

Para estes efectos, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social remitirá á entidade xestora ou colaboradora interesada na xestión das distintas continxencias e conceptos de recadación conxunta as liquidacións efectuadas para que aquela proceda á comprobación e ao control da exactitude das deducións e compensacións. Esta entidade dará conta, de ser o caso, á Tesouraría Xeral da Seguridade Social das resolucións firmes ou comunicacións fidedignas ditadas ao respecto para a reclamación administrativa do importe que proceda.

3. Cando as funcións de control das liquidacións no estean expresamente atribuídas a un órgano ou entidade determinado, considerarase que o seu exercicio corresponde á Tesouraría Xeral da Seguridade Social».

Sete. Suprímese o número 3 do artigo 29 e pasa o seu actual número 4 a constituír o novo número 3 dese artigo.

Oito. O artigo 31 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 31. *Cotización dos representantes de comercio.*

Respecto dos representantes de comercio, a cotización para todas as continxencias e situacións amparadas pola acción protectora do réxime xeral, así como polos conceptos de recadación conxunta coas cotas dese réxime, rexeráse polas normas das subseccións precedentes, sen máis particularidade que a establecida no parágrafo seguinte.

A base de cotización mensual para as continxencias comúns non poderá ser inferior nin superior, respectivamente, ás bases mínima e máxima establecidas en cada momento para o grupo 5 da escala de grupos de cotización a que se refire o artigo 26.2, no cal os representantes de comercio quedan incluídos, para efectos da cotización polas ditas continxencias».

Nove. As alíneas a) e c) do número 5 do artigo 32 quedan redactadas do seguinte xeito:

«a) As empresas comunicaranlle á Tesouraría Xeral da Seguridade Social os salarios efectivamente aboados a cada artista no mes natural a que se refira a cotización».

«c) Ao finalizar o exercicio económico de que se trate, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social, conforme o sinalado no número 4 deste artigo e tendo en conta as retribucións comunicadas así como as bases cotizadas, efectuará a liquidación definitiva correspondente aos traballadores para continxencias comúns e desemprego, con aplicación do tipo xeral establecido para estas continxencias, tanto o correspondente á achega empresarial como á dos traballadores, e procederá, de ser o caso, á reclamación a estes últimos do importe da liquidación

definitiva para que ingresen as diferenzas de cotas no prazo regulamentario do mes seguinte ao da súa notificación. Non obstante, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social poderá autorizar os traballadores que o soliciten dentro dese mes para efectuar tal ingreso por períodos mensuais diferidos nun ou máis meses naturais ata o máximo de seis, como prazos regulamentarios de pagamento.

Unha vez recibida a liquidación definitiva polo traballador, este poderá optar, dentro do mes seguinte ao da notificación da liquidación, por aboar o seu importe ou porque a regularización se efectúe en función das bases efectivamente cotizadas. Se non efectuase ningunha comunicación nese prazo, entenderase que opta por esta última e a Tesouraría Xeral da Seguridade Social procederá a efectuar a nova regularización e deixará sen efecto a primeira.

No suposto de que, unha vez efectuada pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social a liquidación de cotas definitiva aos traballadores, se producise un exceso de cotización no exercicio económico, procederase, por indebidas, á devolución, de oficio ou por instancia de parte, das cantidades ingresadas de máis por parte deses traballadores, conforme o establecido nos artigos 23 do texto refundido da Lei xeral de seguridade social, 44 e 45 do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social e demais disposicións complementarias».

Dez. A alínea a) do número 5 do artigo 33 queda redactada do seguinte xeito:

«a) As empresas comunicaranlle á Tesouraría Xeral da Seguridade Social os salarios efectivamente aboados a cada profesional taurino no mes natural a que se refira a cotización».

Once. O número 1 do artigo 45 queda redactado da seguinte maneira:

«1. O período de liquidación da obriga de cotizar ao réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos estará sempre referido a meses completos.

O cálculo das cotas neste réxime especial efectuarase mediante o sistema de liquidación simplificada, regulado nos artigos 15 e seguintes».

Doce. O número 3 do artigo 52 queda redactado da seguinte forma:

«3. En todo caso, para a determinación das bases de cotización por contingencias comúns, desemprego e cesamento de actividade respecto dos traballadores incluídos nos grupos segundo e terceiro deste réxime especial, a que se refiren os números 2 e 3 do artigo 54, ás cantidades resultantes conforme as normas establecidas nos puntos precedentes deste artigo aplicaráselles os coeficientes correctores establecidos ou que estableza o Ministerio de Emprego e Seguridade Social, por proposta do Instituto Social da Mariña, oídas as organizacións sindicais e empresariais representativas, as confrarías de pescadores e as organizacións de produtores pesqueiros.

Estes coeficientes correctores fixaranse tendo en conta as características que concorran nas actividades comprendidas neses grupos e a capacidade económica de empresas e traballadores».

Trece. O artigo 55 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 55. *Contido e circunstancias da obriga de cotizar.*

1. Respecto dos traballadores por conta allea incluídos no réxime especial dos traballadores do mar, o nacemento, a duración e a extinción da obriga de cotizar e o período, a forma e o prazo da liquidación das cotas, así como a súa comprobación e control, rexeranse polo disposto no artigo 28.

2. Respecto dos traballadores por conta propia incluídos neste réxime especial, o período, a forma e o prazo da liquidación das cotas e o nacemento, a

duración e a extinción da obriga de cotizar rexeranse polo disposto nos números 1 e 2 do artigo 45.

3. O Instituto Social da Mariña, no marco da súa colaboración coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social para a xestión recadatoria no ámbito do réxime especial dos traballadores do mar, poderá efectuar a comprobación das liquidacións de cotas e doutros dereitos da Seguridade Social nos termos que estableza o Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

4. En todo caso, as modalidades dos sistemas recadatorios establecidos neste réxime especial polo Ministerio de Emprego e Seguridade Social non terán outro alcance que o de facilitar o cumprimento da obriga de cotizar, sen que poidan afectar os suxeitos, os contidos, a contía e os demais elementos esenciais desta».

Catorce. O número 4 do artigo 65 queda redactado do seguinte xeito:

«4. Durante as situacións de incapacidade temporal, maternidade, paternidade, risco durante o embarazo e risco durante a lactación natural, a base diaria de cotización será a base reguladora diaria da correspondente prestación. Nas situacións de incapacidade temporal e de maternidade en que non se causase dereito ao respectivo subsidio, a base diaria de cotización calcularase, así mesmo, en función da base reguladora diaria da prestación que correspondese, de terse causado dereito a ela.

Esta base de cotización aplicarase durante todos os días naturais en que o traballador permaneza nalgunha das situacións antes indicadas».

Quince. O número 2 do artigo 77 queda redactado da seguinte maneira:

«2. As achegas das empresas a que se refire o artigo 75.2 estarán constituídas pola cantidade resultante de aplicar o coeficiente fixado polo Ministerio de Emprego e Seguridade Social sobre a parte da cota de accidentes de traballo e enfermidades profesionais correspondente ás continxencias de incapacidade permanente e morte e supervivencia.

A liquidación destas achegas realizarana, xunto coa liquidación de cotas a que se refiren os artigos 15 e seguintes deste regulamento, ben as propias empresas autorizadas a colaborar, ou ben a Tesouraría Xeral da Seguridade Social, segundo o sistema de liquidación aplicable, e o seu ingreso efectuarase xunto co das cotas que estas empresas deban aboar mensualmente, conforme o establecido polo artigo 68 do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social».

Dezaseis. O artigo 91 queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 91. *Impugnación dos actos de liquidación.*

1. Os actos realizados pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social para a determinación das débedas cuxo obxecto sexan recursos incluídos na súa xestión recadatoria, nos termos sinalados no artigo 1 do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, poderán ser impugnados na forma, nos prazos e demais condicións establecidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As impugnacións dos actos de liquidación da Tesouraría Xeral da Seguridade Social unicamente producirán a suspensión do procedemento recadatorio nos termos e nas condicións previstos no artigo 30.5 do texto refundido da Lei xeral de seguridade social e no artigo 46 do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social.

2. As administracións públicas e as entidades e organismos dependentes delas non poderán formular recurso administrativo fronte aos actos de liquidación da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, aínda que si requirimento previo ao recurso

contencioso-administrativo contra os ditos actos, no prazo e nas condicións fixados na lei reguladora da dita xurisdición.

3. As demais liquidacións da Tesouraría Xeral ou doutros organismos ou administracións no ámbito da Seguridade Social, para efectos do pagamento ou cumprimento de obrigas nadas de actos ou contratos cuxo obxecto sexan recursos non incluídos na xestión recadatoria atribuída ao dito servizo común da Seguridade Social, serán impugnables ante a orde xurisdiccional que proceda de acordo coa natureza dos citados actos ou contratos».

Dezasete. Suprímese a disposición adicional segunda.

Artigo terceiro. *Modificación do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1415/2004, do 11 de xuño.*

O Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1415/2004, do 11 de xuño, modifícase nos seguintes termos:

Un. A alínea n) do número 1 do artigo 1 queda redactada do seguinte xeito:

«n) Reintegro de prestacións indebidamente compensadas e de deducións indebidamente aplicadas».

Dous. O número 1 do artigo 6 queda redactado da seguinte maneira:

«1. O período voluntario de recadación iniciárase na data de comezo do prazo regulamentario de ingreso e prolongárase, de non mediar pagamento ou outra causa de extinción da débeda, ata a emisión da providencia de constrinximento, coa cal se dará inicio ao período de recadación executiva, sen prexuízo dos casos en que resulte de aplicación o procedemento de dedución.

Nos supostos previstos neste regulamento deberánse cumprir as obrigas en materia de liquidación de cotas na forma e nos prazos previstos no artigo 26 do texto refundido da Lei xeral de seguridade social e 18 do Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 2064/1995, do 22 de decembro, aínda que non se chegue a efectuar o seu ingreso dentro do prazo regulamentario».

Tres. O artigo 9 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 9. *Notificacións.*

1. As notificacións que se efectúen nos procedementos recadatorios establecidos neste regulamento axustarán o seu contido e cursaranse conforme o disposto nos números 2, 3 e 4 do artigo 58 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

2. A práctica das notificacións en materia de xestión recadatoria da Seguridade Social realizarase por medios electrónicos ou no domicilio ou lugar que corresponda, nos seguintes termos:

a) Respecto aos suxeitos responsables do pagamento de débedas coa Seguridade Social, obrigados a se incorporaren ou incorporados voluntariamente ao Sistema de remisión electrónica de datos (RED), todas as notificacións se efectuarán obrigatoriamente mediante comparecencia na sede electrónica da Secretaría de Estado da Seguridade Social, nos termos e nas condicións que estableza o Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

Estas notificacións poranse á disposición tanto dos suxeitos responsables obrigados a recibilas como dos autorizados para o uso do Sistema RED, salvo que os suxeitos responsables opten por que as notificacións electrónicas dirixidas a eles se poñan exclusivamente á súa disposición ou tamén á dun terceiro a quen outorgasen a súa representación.

As notificacións electrónicas entenderanse practicadas, para todos os efectos legais, no momento en que se produza o acceso ao seu contido na sede electrónica da Secretaría de Estado da Seguridade Social, sempre que aquel teña lugar dentro dos dez días naturais seguintes ao da posta á disposición da notificación correspondente.

De se rexeitar expresamente a notificación, darase por efectuado o trámite e continuarase o procedemento. A notificación tamén se entenderá rexeitada, con idéntico efecto, de non se acceder ao seu contido dentro do prazo indicado no parágrafo anterior.

b) Respecto aos suxeitos responsables do pagamento de débedas coa Seguridade Social, non obrigados a se incorporaren nin incorporados voluntariamente ao Sistema RED, que opten por seren notificados por medios electrónicos, as notificacións tamén se efectuarán obrigatoriamente mediante comparecencia na sede electrónica da Secretaría de Estado da Seguridade Social, conforme o indicado na alínea a).

Para efectos de recibir as notificacións electrónicas, estes suxeitos responsables poderán optar por que se dirixan tamén ao seu representante, se o houber; neste caso, estas notificacións poranse á disposición tanto dos suxeitos responsables como dos seus representantes.

c) Respecto ás mutuas colaboradoras coa Seguridade Social, así como ás súas entidades e centros mancomunados, as notificacións en materia de xestión recadatoria tamén se efectuarán na sede electrónica da Secretaría de Estado da Seguridade Social, nos termos e co alcance que determine o Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

d) Respecto aos suxeitos responsables a que se refire a alínea b) que non opten por seren notificados por medios electrónicos, as notificacións efectuaranse no domicilio que expresamente indicasen e, no seu defecto, no que figure nos rexistros da Administración da Seguridade Social ou noutro lugar adecuado para tal fin. Efectuaranse conforme o disposto nos números 1, 2 e 4 do artigo 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

3. As notificacións relativas a outros interesados no procedemento recadatorio, previstas neste regulamento, efectuaranse conforme o sinalado no punto 2.d), salvo que xa se encontren obrigados a recibilas por medios electrónicos ou opten por seren notificados polos ditos medios, caso en que resultará de aplicación o disposto nas alíneas a) e b) do número 2, sen prexuízo das excepcións que, de ser o caso, poida establecer o Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

4. Cando os interesados nun procedemento recadatorio sexan descoñecidos, se ignore o lugar da notificación ou o medio para efectualala, ou ben, unha vez intentada a notificación, no se puidese efectuar en calquera dos supostos previstos nos números anteriores, a notificación realizarase exclusivamente por medio dun anuncio que se publicará de forma gratuíta no «Boletín Oficial del Estado», de acordo co previsto na disposición adicional quincuaxésima.4 do texto refundido da Lei xeral de seguridade social».

Catro. Os números 1 e 2 do artigo 10 quedan redactados do seguinte xeito:

«1. As débedas coa Seguridade Social cuxo obxecto estea constituído por cotas, cando non se aboan no prazo regulamentario de ingreso, devindicarán as seguintes recargas:

a) Cando os suxeitos responsables do pagamento cumprisen dentro de prazo as obrigas en materia de liquidación establecidas nos números 1 e 2 do artigo 26 do texto refundido da Lei xeral de seguridade social, unha recarga do 20 por cento da débeda, de se aboaren as cotas debidas tras o vencemento do prazo para o seu ingreso.

b) Cando os suxeitos responsables do pagamento non cumprisen dentro de prazo as obrigas en materia de liquidación establecidas nos números 1 e 2 do citado artigo 26:

1.º Recarga do 20 por cento da débeda, de se aboaren as cotas debidas antes da terminación do prazo de ingreso establecido na reclamación de débeda ou acta de liquidación.

2.º Recarga do 35 por cento da débeda, de se aboaren as cotas debidas a partir da terminación do dito prazo de ingreso.

2. As débedas coa Seguridade Social que teñan carácter de ingresos de dereito público e cuxo obxecto estea constituído por recursos distintos a cotas, cando non se aboan dentro do prazo regulamentario que teñan establecido, incrementaranse coa recarga prevista no punto 1.a)».

Cinco. Os números 2 e 3 do artigo 13 quedan redactados da seguinte maneira:

«2. Cando o debedor cumprise dentro de prazo as obrigas en materia de liquidación de cotas establecidas nos números 1 e 2 do artigo 26 do texto refundido da Lei xeral de seguridade social, sen ter efectuado o seu ingreso en prazo regulamentario, ou cando xa se emitise reclamación de débeda ou acta de liquidación contra el, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social só lle poderá exixir esa débeda a outro responsable solidario mediante reclamación de débeda por derivación, ou farao, de ser o caso, a Inspección de Traballo e Seguridade Social, mediante acta de liquidación, sen prexuízo das medidas cautelares que se poidan adoptar sobre o seu patrimonio, en calquera momento, para asegurar o cobramento da débeda.

3. Salvo que a responsabilidade solidaria estea limitada por lei, a reclamación de débeda por derivación comprenderá o principal da débeda e as recargas e xuros que se devindicasen no momento da súa emisión, no procedemento recadatorio seguido contra o primeiro responsable solidario a quen se reclamase, ou que cumprise dentro de prazo as obrigas en materia de liquidación de cotas. Incluirá, así mesmo, as custas que se xerasen para o cobramento da débeda.

Desde a reclamación de débeda ou a acta de liquidación por derivación serán exixibles a todos os responsables solidarios o principal, as recargas e os xuros que se deban exixir a ese primeiro responsable e todas as custas que se xeren para o cobramento da débeda».

Seis. Os números 2, 3 e 4 do artigo 25 quedan redactados da seguinte forma:

«2. Os xustificantes do pagamento serán, segundo os casos:

a) Os recibos de liquidación de cotizacións e outros documentos de ingreso de débedas coa Seguridade Social, debidamente dilixenciados e validados polos colaboradores na xestión recadatoria.

b) Os recibos expedidos polos órganos recadadores ou polos colaboradores na xestión recadatoria.

c) As certificacións acreditativas do ingreso efectuado.

d) Calquera outro documento ao cal especificamente lle outorgue carácter de xustificante de pagamento o director xeral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

3. Os empresarios e demais suxeitos responsables do cumprimento da obriga de cotizar deberán conservar copia dos xustificantes de pagamento durante un prazo de catro anos. Cando a liquidación de cotas non se efectúe a través de medios electrónicos tamén deberán conservar, durante o mesmo prazo, copia dos documentos de cotización presentados.

4. Os empresarios deberán informar os interesados, dentro do mes seguinte a aquel en que proceda o ingreso das cotas, dos datos relativos á cotización á Seguridade Social e por conceptos de recadación conxunta.

Cando tales datos se transmitan ou obteñan por medios electrónicos, a obriga de informar considerárase cumprida mediante a colocación ou posta á disposición dos traballadores, a través da presentación en pantalla de ordenador ou terminal informático, dos datos dos seus arquivos que, para tales efectos, serán considerados copia autorizada das relacións nominais de traballadores, dos recibos de liquidación e, de ser o caso, doutros xustificantes que acrediten o ingreso das cotas.

Nos demais casos, os empresarios deberán expor, nos centros de traballo e durante o período indicado no primeiro parágrafo deste punto, un exemplar da relación nominal de traballadores e do respectivo boletín de cotización, dilixenciado e validado polo colaborador que corresponda na xestión recadatoria, ou copia autorizada de ambos. Esta obriga poderase substituír pódolles de manifesto esa documentación aos representantes dos traballadores durante o mesmo período».

Sete. O número 1 do artigo 36 queda redactado da seguinte maneira:

«1. En caso de incumprimento de calquera das condicións ou dos pagamentos do aprazamento, proseguirá, sen máis trámite, o procedemento de constrinximento que se iniciase antes da súa concesión. Ditarase, así mesmo, sen máis trámite, providencia de constrinximento por aquela débeda que non fose xa constrinxida, á cal se lle aplicará a recarga do 20 por cento do principal, se o suxeito responsable do pagamento cumprise dentro de prazo as obrigas en materia de liquidación de cotas establecidas nos números 1 e 2 do artigo 26 do texto refundido da Lei xeral de seguridade social, ou do 35 por cento en caso contrario.

No dito procedemento de constrinximento, os órganos de recadación procederán, en primeiro lugar, a executar as garantías que se constituísen.

En todo caso, os xuros de demora que se exixan serán os devindicados desde o vencemento dos respectivos prazos regulamentarios de ingreso».

Oito. O número 4 do artigo 54 queda redactado da seguinte forma:

«4. Cando a débeda coa Seguridade Social non se encontre aínda liquidada pero fose devindicada e transcorrese o prazo regulamentario para o seu pagamento, e sempre que corresponda a cantidades determinables pola aplicación das bases, tipos e outros datos obxectivos previamente establecidos que permitan fixar unha cifra máxima de responsabilidade, será precisa a autorización previa, no seu respectivo ámbito, do director provincial da Tesouraría Xeral da Seguridade Social ou, de ser o caso, do seu director xeral ou autoridade en que deleguen.

Cando vencese o prazo regulamentario de ingreso e o responsable do pagamento cumprise dentro de prazo as obrigas en materia de liquidación de cotas establecidas nos números 1 e 2 do artigo 26 do texto refundido da Lei xeral de seguridade social, ou se emitise xa contra el reclamación de débeda ou acta de liquidación elevada a definitiva, as medidas cautelares poderanas adoptar sen máis trámite e efectualas as unidades de recadación executiva da Seguridade Social».

Nove. O número 3 do artigo 56 queda redactado da seguinte maneira:

«3. O pagamento das cotas da Seguridade Social e por conceptos de recadación conxunta poderase efectuar, nos supostos e condicións que estableza o Ministerio de Emprego e Seguridade Social, mediante entregas parciais periódicas á conta daquelas con posterior regularización anual ou no momento en que se extinga a obriga de cotizar, de producirse antes do transcurso dese período anual».

Dez. O artigo 58 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 58. *Forma do pagamento.*

1. O ingreso das débedas coa Seguridade Social efectuarase mediante os sistemas de pagamento e as formalidades que estableza a Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

2. No momento de realizar en período voluntario o pagamento dos importes debidos á Seguridade Social, o suxeito responsable deberalles presentar aos colaboradores indicados no artigo anterior o documento ou documentos de ingreso correspondentes, salvo nos casos en que se efectúe mediante o sistema de domiciliación en conta.

Esta presentación tamén se poderá efectuar a través de medios electrónicos, coas particularidades e mediante os sistemas de cobramento que determine o director xeral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

3. Unha vez efectuado o ingreso, o colaborador facilitaralle ao interesado o oportuno xustificante de pagamento e remitiralle á Tesouraría Xeral da Seguridade Social os documentos presentados ao recibir o ingreso ou as referencias ou códigos establecidos para cada sistema de pagamento, na forma e nos prazos que determine o director xeral do dito servizo común da Seguridade Social».

Once. O artigo 59 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 59. *Cumprimento de obrigas en materia de liquidación de cotas.*

1. As obrigas en materia de liquidación de cotas establecidas nos números 1 e 2 do artigo 26 do texto refundido da Lei xeral de seguridade social deberán cumprirse aínda que os suxeitos responsables do pagamento non as ingresen dentro do prazo regulamentario que corresponda.

Para tal efecto, as liquidacións de cotas deberanse efectuar na forma e nos prazos establecidos para cada sistema de liquidación no citado artigo 26 e no artigo 18 do Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 2064/1995, do 22 de decembro.

2. Nos casos en que as liquidacións de cotas deban ser obxecto de presentación mediante documentos de cotización, a falta de recepción destes, cando sexan expedidos pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social, non liberará o suxeito responsable da obriga de pagar dentro de prazo regulamentario».

Doce. O artigo 60 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 60. *Compensación e dedución nas liquidacións de cotas.*

1. Os suxeitos responsables do pagamento que cumpran dentro de prazo as obrigas en materia de liquidación de cotas establecidas nos números 1 e 2 do artigo 26 do texto refundido da Lei xeral de seguridade social, con independencia do ingreso ou non daquelas, poderán compensar o importe das prestacións aboadas, de ser o caso, en virtude da súa colaboración obrigatoria coa Seguridade Social, co das cotas debidas que correspondan ao mesmo período.

No sistema de autoliquidación de cotas, a compensación aplicaraa o propio suxeito responsable nas liquidacións transmitidas dentro de prazo ou, de ser o caso, nos documentos de cotización presentados no dito prazo.

No sistema de liquidación directa de cotas, a compensación aplicaraa a Tesouraría Xeral da Seguridade Social respecto aos traballadores polos que se poida efectuar a liquidación dentro de prazo, en función dos datos achegados polas entidades xestoras e colaboradoras da Seguridade Social.

2. Os suxeitos responsables do pagamento que teñan recoñecidas bonificacións, reducións ou outras deducións na cotización á Seguridade Social e por conceptos de recadación conxunta, e non perdesen o dereito a eses beneficios

por calquera causa, terán dereito ao desconto do seu importe nas liquidacións de cotas en que proceda a súa aplicación, nos termos establecidos no artigo 17 do Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social e sempre que se efectúe o seu ingreso dentro do prazo regulamentario».

Trece. O artigo 62 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 62. *Reclamacións de débeda.*

1. Procederá a reclamación de débeda nos seguintes supostos:

a) Falta de cotización respecto de traballadores dados de alta, cando non se cumprisen dentro de prazo as obrigas en materia de liquidación de cotas establecidas nos números 1 e 2 do artigo 26 do texto refundido da Lei xeral de seguridade social ou cando, cumpríndose, as liquidacións de cotas ou datos de cotización transmitidos ou os documentos de cotización presentados conteñan erros materiais, aritméticos ou de cálculo que resulten directamente deles.

Se estas circunstancias fosen comprobadas pola Inspección de Traballo e Seguridade Social, comunicarallo á Tesouraría Xeral da Seguridade Social coa proposta de liquidación que proceda.

b) Falta de cotización en relación con traballadores dados de alta que non consten nas liquidacións de cotas ou datos de cotización transmitidos nin nos documentos de cotización presentados en prazo, respecto dos cales se considerará que non se cumpriron as obrigas establecidas nos números 1 e 2 do citado artigo 26.

c) Diferenzas de importe entre as cotas ingresadas e as que legalmente corresponda liquidar, que resulten directamente das liquidacións ou dos datos de cotización transmitidos ou dos documentos de cotización presentados, sempre que non proceda realizar unha valoración xurídica pola Inspección de Traballo e Seguridade Social sobre o seu carácter cotizable, caso en que se procederá conforme o previsto no artigo 65.1.b) deste regulamento.

Entenderanse comprendidas dentro deste parágrafo as diferenzas orixinadas pola aplicación de compensacións ou deducións na cotización, así como, de ser o caso, as correspondentes á omisión ou aplicación incorrecta de recargas.

d) Débedas por cotas cuxa liquidación non corresponda á Inspección de Traballo e Seguridade Social.

2. Procederá tamén a reclamación de débeda cando, en atención aos datos que consten na Tesouraría Xeral da Seguridade Social ou comunicados pola Inspección de Traballo e Seguridade Social e por aplicación de calquera norma con rango de lei que non exclúa a responsabilidade por débedas da Seguridade Social, se deba exixir o pagamento desas débedas:

a) Aos responsables solidarios, caso en que a reclamación comprenderá o principal da débeda a que se estenda a responsabilidade solidaria e as recargas, os xuros e as custas devindicados ata o momento en que se emita esa reclamación.

b) Aos responsables subsidiarios, caso en que e salvo que a súa responsabilidade estea limitada por lei, a reclamación comprenderá o principal da débeda exixible ao debedor inicial no momento da súa emisión, excluídos recargas, xuros e custas.

c) A quen asumise a responsabilidade por causa da morte do debedor orixinario; en tal caso, a reclamación comprenderá o principal da débeda e as recargas, os xuros e as custas devindicados ata que se emita.

3. Nos supostos de falta de cotización respecto de traballadores dados de alta, as reclamacións de débeda estenderanse conforme as seguintes regras:

a) De se teren cumprido dentro de prazo as obrigas en materia de liquidación de cotas establecidas nos números 1 e 2 do artigo 26 do texto refundido da Lei xeral de seguridade social, a reclamación de débeda estenderase en función das bases de cotización polas que se efectuase a liquidación de cotas correspondente e consonte o tipo de cotización vixente na data en que aquelas se devindicaron.

b) De non terse cumprido en prazo as referidas obrigas, a reclamación de débeda estenderase tomando como base de cotización a media entre a base mínima e máxima correspondente ao último grupo de cotización coñecido en que estivese encadrado o grupo ou categoría profesional dos traballadores a que se refira a reclamación, salvo naqueles casos en que resulten de aplicación bases únicas.

Neste suposto, unha vez transcorridos os prazos de ingreso establecidos no artigo 64 deste regulamento, non producirá ningún efecto no procedemento recadatorio o feito de que os salarios percibidos polos traballadores sexan inferiores ás bases consignadas na reclamación de débeda e non procederá a devolución respecto desas bases».

Catorce. O artigo 65 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 65. *Actas de liquidación.*

1. Expedirase acta de liquidación de cotas nos seguintes supostos:

a) Falta de afiliación ou de alta de traballadores en calquera dos réximes do sistema da Seguridade Social.

b) Diferenzas de cotización por traballadores dados de alta, resulten ou non directamente das liquidacións ou dos datos de cotización transmitidos ou dos documentos de cotización presentados, dentro ou fóra de prazo, incluídas as aplicadas por compensacións ou deducións.

Entenderanse comprendidas dentro deste suposto as diferenzas existentes entre as remuneracións realmente percibidas suxeitas á cotización e as bases estimadas que figuren nas reclamacións de débeda emitidas conforme o artigo 62.3.b).

c) Derivación da responsabilidade do suxeito obrigado ao pagamento, calquera que sexa a súa causa e réxime da Seguridade Social aplicable e en virtude de calquera norma con rango de lei que non exclúa a responsabilidade por débedas de Seguridade Social. Nos casos de responsabilidade solidaria legalmente previstos, a Inspección poderá expedir acta a todos os suxeitos responsables ou a algún deles; neste caso, a acta de liquidación comprenderá o principal da débeda a que se estenda a responsabilidade solidaria e as recargas, os xuros e as custas devindicados ata a data en que se expida a acta.

d) Aplicación indebida das bonificacións nas cotizacións da Seguridade Social, previstas regulamentariamente para o financiamento das accións formativas do subsistema de formación profesional para o emprego.

Nos supostos a que se refiren as alíneas a), b) e c), a Inspección de Traballo e Seguridade Social poderá formular requirimentos aos responsables do pagamento de cotas debidas por calquera causa, logo do recoñecemento da débeda por aqueles ante o funcionario actuante. Neste caso, o ingreso da débeda por cotas contida no requirimento deberase efectuar no prazo que determine a Inspección de Traballo e Seguridade Social, que non poderá ser inferior a un mes nin superior a catro meses. De se incumprir o requirimento, procederase a expedir acta de liquidación e de infracción por impagamento de cotas.

2. As actas de liquidación expediranse de acordo coa remuneración total que teña dereito a percibir o traballador ou a que efectivamente perciba de ser esta superior en razón do traballo que realice por conta allea e que debe integrar a base de cotización.

Cando a Inspección de Traballo e Seguridade Social se vexa na imposibilidade de coñecer o importe das remuneracións percibidas polo traballador, estimarase como base de cotización a media entre a base mínima e máxima correspondente ao último grupo de cotización coñecido en que estivese encadrado o grupo ou a categoría profesional dos traballadores a que se refira a acta de liquidación, salvo naqueles casos en que resulten de aplicación bases únicas».

Quince. O número 1 do artigo 85 queda redactado do seguinte xeito:

«1. Ditarase providencia de constrinximento, sen reclamación previa de débeda ou acta de liquidación, nos seguintes casos:

a) Falta de ingreso da totalidade ou dalgunha das achegas que integran a cota, respecto de traballadores dados de alta e incluídos nas liquidacións transmitidas ou nos documentos de cotización presentados dentro de prazo, de se aplicar o sistema de autoliquidación de cotas, ou nas liquidacións efectuadas pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social dentro de prazo, de se aplicar o sistema de liquidación directa de cotas, cando a débeda estea correctamente calculada.

b) Falta de ingreso das cotas relativas a traballadores cuxa cotización se determine mediante o sistema de liquidación simplificada, consonte o previsto nos artigos 19.1.c) e 26.4 do texto refundido da Lei xeral de seguridade social e nos artigos 15 e seguintes do Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social».

Dezaseis. O número 4 do artigo 87 queda redactado da seguinte maneira:

«4. Se como consecuencia das actuacións de execución forzosa se producise un exceso de cobramento respecto do importe da débeda constrinxida, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social, conforme a distribución de competencias que teña establecida, procederá á inmediata restitución do sobranse ao constrinxido ou, se é o caso, a quen conste como titular do ben ou dereito en cuxa execución se producise, salvo que medie embargo ou orde de retención».

Dezasete. O número 1 do artigo 117 queda redactado da seguinte forma:

«1. O anuncio da poxa publicarase no taboleiro de anuncios da Seguridade Social situado na sede electrónica da Secretaría de Estado da Seguridade Social.

Cando, a xuízo do director provincial da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, sexa conveniente para o fin perseguido e resulte proporcionado co valor dos bens, o anuncio da poxa poderase publicar tamén en medios de comunicación de gran difusión ou en publicacións especializadas».

Dezaioito. O número 6 do artigo 122 queda redactado do seguinte xeito:

«6. Conforme o previsto no artigo 87.4 e salvo que existise embargo ou orde de retención, o sobranse do prezo obtido na poxa, se o houber, entregarase ao constrinxido ou, de ser o caso, a quen conste como titular do ben ou dereito obxecto de alleamento».

Dezanove. A disposición adicional segunda queda redactada da seguinte maneira:

«Disposición adicional segunda. *Colaboración do Instituto Social da Mariña.*

O Instituto Social da Mariña colaborará coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social no desempeño da función recadatoria no ámbito do réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar».

Artigo cuarto. *Modificación do Regulamento xeral da xestión financeira da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1391/1995, do 4 de agosto.*

O artigo 7 do Regulamento xeral da xestión financeira da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1391/1995, do 4 de agosto, modifícase nos seguintes termos:

«Artigo 7. *Movements financeiros e operacións de tesouraría.*

1. A Tesouraría Xeral da Seguridade Social manterá nas entidades financeiras colaboradoras, como compensación pola súa xestión, un saldo medio por valoracións equivalente ao importe da recadación líquida obtida durante cinco días hábiles por mes de colaboración referida ao cómputo anual. Para tal efecto, poderá ordenar os movementos de fondos necesarios entre as distintas entidades financeiras e as súas agrupacións ou asociacións para, en todo caso, obter a dita finalidade.

O director xeral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social poderá ampliar o cómputo anual a que se refire o parágrafo anterior, de concorrer circunstancias financeiras que así o aconsellen.

A porcentaxe que en cada entidade financeira colaboradora suporá sobre a súa recadación o saldo medio a que se refire o parágrafo primeiro deste punto será igual en cada mes do período de cómputo, na medida en que a distribución entre cobramentos e pagamentos en cada unha delas así o permita. A Tesouraría Xeral da Seguridade Social eliminará as desviacións que se produzan respecto á mesma porcentaxe de saldo medio calculada para o total das entidades.

2. Sen prexuízo do establecido no número anterior, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social manterá con carácter xeral os fondos remanentes no Banco de España, ben que, co obxecto de facilitar a súa xestión, poderá contratar a centralización deses fondos cunha ou varias entidades financeiras, conforme as normas de contratación no ámbito do sector público.

3. A Tesouraría Xeral da Seguridade Social realizará os movementos de provisión de fondos que sexan necesarios entre as súas contas conforme unha xestión eficiente do seu circuíto financeiro.

4. Os movementos financeiros entre contas tituladas a nome da Tesouraría Xeral non xerarán ningún gasto con cargo á Administración da Seguridade Social, coa excepción do que se poida establecer expresamente mediante convenio ou contrato.

5. Con cargo aos fondos depositados no Banco de España ou nas entidades financeiras, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social poderá materializar en títulos emitidos por persoas xurídicas públicas as cantidades e durante os prazos que os pagamentos previstos aconsellen. Neste caso seranlle repercutibles os gastos que tales operacións comporten.

Así mesmo, co obxecto de facilitar a xestión de tesouraría, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social poderá realizar poxas de liquidez, operacións a curto prazo de adquisición temporal de activos, depósitos a prazos e colocacións de fondos en contas tesoureiras remuneradas, nos termos e nas condicións xerais que estableza o titular do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, que deberán respectar os principios de solvencia, publicidade, concorrencia e transparencia.

As operacións de adquisición temporal de activos poderán ter por obxecto os mesmos valores que o Banco de España admita nas súas operacións de política monetaria.

A Tesouraría Xeral da Seguridade Social poderá tramitar a adhesión a mercados secundarios de valores cando resulte necesario para poder utilizar os valores neles negociados nas operacións de adquisición temporal de activos».

Disposición transitoria única. *Comunicación do código de convenio colectivo.*

Para efectos de cumprir o disposto nos artigos 11.1 e 30.2.1.º do Regulamento xeral sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de

traballadores na Seguridade Social, na redacción dada a ambos por este real decreto, as empresas inscritas e con traballadores en alta na data da súa entrada en vigor deberán comunicar á Tesouraría Xeral da Seguridade Social, dentro dos seis meses naturais seguintes ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», o código ou os códigos de convenio colectivo que lles resulten aplicables, de ser o caso, así como o código ou os códigos de convenio colectivo que, se é o caso, resulten aplicables a cada un dos seus traballadores, que deberán coincidir co correspondente ao código de conta de cotización en que figuren en alta ou, de terse declarado de aplicación na empresa máis dun convenio, con aquel ou aqueles que lles correspondan de entre os que figuren vinculados a esa conta de cotización.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto.

De forma expresa, e desde o día primeiro do segundo mes seguinte ao da publicación deste real decreto no «Boletín Oficial del Estado», quedan derogados:

a) O artigo 5 do Real decreto 2621/1986, do 24 de decembro, polo que se integran os réximes especiais da Seguridade Social de traballadores ferroviarios, xogadores de fútbol, representantes de comercio, toureiros e artistas no réxime xeral, así como se procede á integración do réxime de escritores de libros no réxime especial de traballadores por conta propia ou autónomos.

b) Os artigos 3 ao 6 da Orde do 20 de xullo de 1987, pola que se desenvolve o Real decreto 2621/1986, do 24 de decembro, que procede á integración de diversos réximes especiais, en materia de campo de aplicación, inscrición de empresas, afiliación, altas e baixas, cotización e recadación.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do título competencial previsto no artigo 149.1.17.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de réxime económico da Seguridade Social, excepto o artigo primeiro, que se dita ao abeiro da competencia que o artigo 149.1.17.^a da Constitución lle atribúe ao Estado para ditar a lexislación básica en materia de seguridade social.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación normativa.*

Facúltase a ministra de Emprego e Seguridade Social para ditar cantas disposicións de carácter xeral resulten necesarias para a aplicación e o desenvolvemento do establecido neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

1. Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», sen prexuízo do disposto no número 2.

2. O artigo 43.1.1.^a do Regulamento xeral sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores na Seguridade Social e o artigo 31 do Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social, na redacción dada por este real decreto, entrarán en vigor o día primeiro do segundo mes seguinte ao da publicación deste real decreto no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 24 de xullo de 2015

FELIPE R.

A ministra de Emprego e Seguridade Social
FÁTIMA BÁÑEZ GARCÍA